

A PERSONALIDADE DO BIERZO

TERRITORIO E LINGUAS



PRIMARIA

A LINGUA GALEGA

HÉCTOR SILVEIRO

XUNTA DE GALICIA

POSITIVAS

A PERSONALIDADE DO BIERZO

TERRITORIO E LINGUAS

A LINGUA GALEGA NO BIERZO

Héctor Silveiro

PRIMARIA

Índice numérico de localidades
(agrupadas por área lingüística)

Galego

1. Pias.
2. Porto de Sanabria.
3. Hermisende.
4. Lobosán.
5. Padornelo.
6. Calabor.
7. Vres.
8. Puente de Domingo Flórez.
9. San Pedro de Trones.
10. Carracedelo.
11. Cacabelos.
13. Villafranca del Bierzo
14. San Pedro de Olleros
15. Penoselo.
16. Lumesas.
17. Candín.
18. Tejedo de Ancares.
19. Calabor

Galego de transición

20. Castroquillane.
21. Carucedo.
22. Villavieja.
23. Dehesas.
24. Narayota.
25. San Vicente.
27. Fontoira.

Leonés de transición


28. Pombrego.
29. Sancedo.
30. Vega de Espinareca.
31. Fabero.
32. Peranzanes.
33. Faro.
34. Rihonor.

Leonés / Castellano con restos del leonés

35. Santa Cruz de Abranes.
36. Pedralba de la Pradería.
37. Requejo.
38. Ribadelago.
39. Puebla de Sanabria.
40. La Baña.
41. Encinedo.
42. Benusa.
44. Sobillo de Sanabria.
45. San Cigrán de Sanabria.
46. Priaranta del Bierzo.
47. Camponarays.
48. Arganza.
49. Fresnedo.
50. Berlanga del Bierzo.
51. Sorbeda del Sil.
52. Fresnedelo.
53. Anllares del Sil.

Lengua mixta galaicoleonesa de Guimara

54. Guimara



Cartografado a partir dos datos da “Determinación de la fronteira lingüística entre el gallego y el leonés en las provincias de León y Zamora”, de Ana Seco Orosa. *Revista de Filología Románica*, Vol. 18 (2001)

1º edición: marzo 2021

© Héctor Silveiro

© Edicións Positivas, S.L. 2017
Rúa das Carretas, 18, Baixo
15705 Santiago de Compostela
Tel. 660397064
www.edicionspositivas.com

ISBN: 978-84-123257-0-6
Depósito legal: C. 268-2021

LIMAR

O MEGO DA ESCOLA DO 2021

(MATERIAIS DIDÁCTICOS DA COMISIÓN CULTURAL MARTÍN SARMIENTO)

Héctor M. Silveiro

Esta publicación que tes nas túas maos edítase con motivo do *Día do Galego nos Centros de Ensino no Bierzo*. Será o único acto que como consecuencia da COVID 19 realizaremos neste curso para celebrar as *XIII Xornadas Martín Sarmiento*. O obxectivo é ofrecer un novo material didáctico que se poida usar nas aulas, que no día no que naceu Sarmiento en Vilafranca lembremos a súa figura, unha vez máis, e que isto dea ao conxunto da comunidade educativa do galego no Bierzo unha sensación de continuidade con respecto a outras actividades que viñamos desenvolvendo en cursos anteriores.


O tema central deste traballo é a personalidade do Bierzo, de como se vai consolidando ao longo do tempo. O Bierzo é un espazo peculiar no que conviven dúas linguas minorizadas (galego e leonés), algo que non pretendemos obviar en ningún momento, unha riqueza que desexamos siga existindo como o foi historicamente. Polo tanto, estas linguas xogan un papel destacado nos sentimentos das xentes e da percepción da terra na que vivimos.

Abordamos este asunto querendo evitar as simplificacións, pero conscientes de que estamos ante unha cuestión o suficientemente complexa como para pretendela abarcar de xeito exhaustivo neste pouco espazo. Por iso, vannos conceder unha certa licencia como é a de centrármonos nunha desas linguas minorizadas, a lingua galega. Nos textos que seguen fixaremos a nosa atención nesta lingua, xa que se trata dunha publicación destinada á súa promoción. Isto non significa en ningún momento que queiramos marxinar ou impoñer ningunha lingua sobre outra, desexamos recuperar espazos para o galego. Por outra parte non podemos ser defensores dunha lingua minorizada sen selo á vez de todas. Logo, que non desenvolvamos esta actividade facendo constantes referencias ao leonés (no que ademais non somos especialistas), non implica que non esteamos de acordo coa súa normalización. Estamos falando de dereitos recoñecidos desde a lexislación europea á local, pasando pola autonómica e comarcal, dun proceso no que tentamos que eses dereitos se logren exercer plenamente algún día como a unha sociedade democrática e avanzada corresponde. De aí a transcendencia desta reflexión sobre a personalidade do Bierzo. A identidade é pois unha suma de trazos que nos impón a historia e que dalgún xeito esixe de nós un esforzo por analizármolos a nós mesmos, análise á que esperamos axudar con estas páxinas.

A ORIXE DO MEU

Si, vou comezar polo meu nome, a terra onde vives ten un nome, BIERZO e hai que viaxar no tempo ata a prehistoria, hai miles de anos, para saber a orixe do meu nome. Os investigadores das linguas din que houbo hai muito tempo unha tribo que falaba un idioma celta que me puxo o nome de BERGIDUM, o meu nome máis antigo e que significa: *Montaña fortificada*. E por que? Hoxe sabemos que fui así por unha montaña que podemos visitar e que está entre os municipios de Vilafranca e Cacabelos. E, efectivamente, é un monte con murallas ao seu redor, había eilí antigamente un castro onde vivían felices os habitantes destas terras que me deron este primeiro trazo da miña personalidade.

Pero naqueles tempos lonxe de eiquí había tamén outro pobo, os Romanos, moi guerreiro e ambicioso, que quixo vir a controlar este territorio para extraer o ouro que eu gardaba nas entrañas da terra coma un tesouro. Os Romanos, cos seus exércitos e moitos soldados, chegaron e venceron, mais seguiron chamándome Bergidum, aínda que me puxeron un apelido no seu idioma. Así que fun, durante a súa estancia, BERGIDUM FLAVIUM.



NOME: BERGIDUM



AS MÉDULAS, nun día de neve

Este pobo, como conquistara coas armas grandes territorios, decidiu organizar o seu imperio por Provincias. Á terra dos Castros onde eu estaba chamárona GALLAECIA, e construíron grandes cidades que se comunicaban por vías polas que circulaban carros e soldados. Unha desas vías, a que unía as tres capitais da Provincia da Gallaecia, dividíase precisamente en Bergidum Flavium, é dicir, nesta comarca da que non paraban de sacar ouro e máis ouro.

Os Romanos, ademais, plantaron eiquí nesta terra unha valiosa semente: A nai da lingua que hoxe falamos. Esa semente era tamén unha lingua, chamábase latín e falouse no Bierzo antes de que nacera dela a súa filla a lingua galega.

A LINGUA DA


Pois ben, igual que as plantas, as linguas sonche moi mimelas, precisan unha boa terra para botar raíces, alimentarse e medrar. A semente do latín que plantaran os Romanos, cuando lles tocou marchar, primeiro cuidárona os Suevos, que a adquiriron como súa, e logo fixeron o mesmo os Visigodos. Uns e outros aprendérona e acabaron falándoa. Viñeran a ocupar o seu sitio como os novos donos da terra de GALLAECIA na que crearon o primeiro reino medieval de Europa.

Pero volvamos á semente do latín, porque pasado un tempo, un bon día aló polo século nove botou para fóra neste reino de GALLAECIA un talo delgadiño, pero xeitoso, coas súas follas verdes que furon medrando e medrando e non tardou en dar unha flor. Aquela flor era unha nova lingua, a lingua que nacera nesta terra para quedarse e que semellaba muito ao seu pai.



Provincia romana de GALLAECIA

NOSA TERRA




As sementes precisan unha terra para medrar, como lles pasa ás linguas

Como a chamamos? É fácil de saber. Como dende a época dos romanos a terra que ía desde onde hoxe estamos (lembra que daquela aínda era Bergidum) ata o mar se chamaba en latín Provincia Gallaecia, é dicir, Galicia, pois á lingua nacida nesa mesma terra chamámola lingua galega.

Pois ben, a min, como son unha terra e non unha persoa, por máis que pareza que pasara muito tempo, que aínda era un crío, pasoume como a vosoutros, as persoas de verdade. Primeiro, primeiro o gran reto era botar a andar e namentres, ía camiñando con muito cuidadín, máis a modiño comecei a falar e cantar fermosas cantigas naquela nova lingua que nacera de min.

UN CAMIÑO ABERTO

Para andar non hai millor cousa que poñerse no camiño. E iso é o que precisamente me sucedeu dispois. Todos os días pasaban por estas terras homes e mulleres que viñan de lonxe, de toda Europa, que eran peregrinos, porque viñan de paso. Daquela comezaran a camiñar cara a Compostela, no interior de Galicia, xa que había un lugar santo, dos máis importantes do mundo. Seica descubriran os restos dun Apóstolo de Cristo nun lugar onde ergueran na súa honra unha magnífica catedral. Con tanto peregrino camiñante e tantas xentes diversas de toda Europa pasando por eiquí ensináronme unha chea de cousas e unha das máis importantes foi aprender a escribir.



O Camiño Francés a COMPOSTELA

AO MUNDO POR ANDAR

Fuí un tempo mui feliz e mui próspero para Galicia e para min en particular, como aínda hoxe podeades comprobar pola cantidade de mosteiros, igrexas e castelos que se fixeron. Alguís hoxe están en ruínas, pero por aquel entón estaban enteiros e a pleno rendemento. A imitación dos monxes, ou para eles e outros



Trobadores



señores, traballaron nas miñas terras moitas viñas e cultivaron fruteiras. Campesiños e pastoras nos campos, teceláns e artesáns nas vilas, falaban galego, mais tamén os monxes o escribían e os reis gustaban escuitar as nosas cantigas nese idioma a trobadores e xogres. Aqueles cantantes e os seus músicos non debían facelo mal de todo, porque furon axiña famosas e cantadas esas cantigas polo mundo adiante grazas ao Camiño de Santiago que remataba en Compostela, pero que nacía e se estendía por distintos reinos de Europa.

UNHA TERRA RICA E UNS

Eu sempre fun unha terra rica, fun medrando e medrando como lle ocorre tamén aos seres humanos, pero non pensedes que foron sempre alegres e levadeiros os meus anos mozos. Nos meus días na Idade Media houbo logo momentos ben malos. Naqueles altos castelos coas súas torres e naqueles mosteiros grandiosos que se fixeron á beira do Camiño a Compostela non era todo alegría. Mandábanos facer reis, bispos e señores, pero eran construídos co esforzo e a suor de moitas persoas. Reis ambiciosos de coroas, que se valían dos nobres ou señores dos castelos e dos abades, que administraban os mosteiros, acumulaban para eles moita riqueza fruto do roubo e explotación do traballo dos máis humildes habitantes destas terras.

Os poderosos abusaban constantemente dos campesiños que traballaban nos campos ou dos aprendices e artesáns que tiñan os seus oficios nas vilas. Pedíanlles a cambio



Labregos segando os campos dos señores

SEÑORES EXPLOTADORES

do uso das terras e das casas onde traballaban unha gran parte do que producían, facendo que vivisen na máis absoluta pobreza. Os señores facían que os humildes labregos e pastoras traballasen duro para sacar de min, desta terra máis e mellores produtos que logo eles, egoístas, llos quitaban pola forza, gardábanos nos mosteiros e castelos para facerse máis e máis ricos.

Non tardaron en pelexar uns señores contra outros para dividir aquela Provincia romana en Reinos diferentes e ao seu antollo. Tanto abuso houbo que as xentes humildes, cansas de tanta explotación, xuntáronse como irmaos para reclamar xustiza. Chamáronse, por iso, os Irmandiños, labregos e artesáns e algún que outro señor bon, que se puxeron en pé de guerra contra os señores dos castelos en distintos lugares de Galicia e mesmo chegaron ata o castelo de Ponferrada para que rematase a miseria na nosa terra. Pero foi entón cuando os señores de Galicia pediron axuda ao reis de Portugal e de Castela para dominar e castigar aos Irmandiños. E os reis non tardaron en enviar os seus exércitos. Vidos de fóra e ben armados acabaron axiña con aquela revolta e volve organizar o territorio no seu proveito.




Asalto a un castelo nunha imaxe da época.



A TERRA E A LINGUA NA

No transcurso da vida dunha terra, como vedes, pasaron cousas terribles. Unha das que máis marcou a miña personalidade, contareicha deseguido. É aquela etapa na que quería seguir formándome e educándome, pero non me permitiron escribir na miña lingua. Por que? Pois mira, os reis de Castela, despois das Guerras cos Irmandiños, puxeron ao fronte deste territorio uns novos señores que falaban e todo o escribían nunha lingua distinta, o castelán, porque viñeran daquela terra, de Castela. E que pasou coa miña lingua, preguntarás? O galego foi desaparecendo dos papeis, aínda que non da boca da xente, porque o falaba todo o mundo menos os señores, xa que os labregos e pastores non ían á escola e nunca aprendían a escribir, a non ser que ingresasen nun mosteiro para ser monxes.

Iso de ter o oficio de monxe fui o que lle pasou a Martín Sarmiento, que non tivo máis remedio que aprender a lingua dos que mandaban. Poucas persoas coma el me axudaron tanto a descubrir a miña personalidade. Grazas a Sarmiento, sendo xa un mozo ben medrado, fixen memoria e tomei conciencia do valor da miña lingua. Pero mirai, por eí vén nunha das súas viaxes pola súa terra natal. Vouvos deixar que sexa el quen vos conte algo da súa vida, veredes que interesante:



Mapa das viaxes de Sarmiento a Galicia, transcendentais para os seus estudos sobre a lingua galega

ÉPOCA DE SARMIENTO

“Quando eu nacín un 9 de marzo de 1695 na beira do río Burbia en Vilafranca do Bierzo, a primeira lingua que escuíteti a miña madre foi o galego, logo marchei coa familia a Pontevedra e na escola tiven que aprender o latín e o castelán, porque o galego non se ensinaba. Aquilo fíxome pensar e cuando medrei e xa estaba nun mosteiro en Madrid no que ía pasar case toda a miña vida, como lle tiña tanto cariño á lingua que mamara, decidín estudala pola miña conta. Ía ser o primeiro en facelo e por iso logo me consideraron o Pai das Letras Galegas. Tiven que buscar nos libros antigos para ver cal era a súa orixe e descubrir nos documentos gardados que a ninguén interesaban, que xa a falaban e escribían os reis e trobadores. Logo, nas viaxes que puíden facer polo meu reino de Galicia, preguntei a cantas persoas atopaba para saber como estaba esa lingua que no meu tempo ninguén xa escribía. En Galicia, incluíndo o Bierzo, consultei os pergameos dos mosteiros para confirmar que nestas terras se usou de vello tamén o galego.

Finalmente escribín un libriño en galego que titulei *Coloquio en 1200 coplas*, e como non quería editar nada porque eran tempos difíciles para o coñecemento, gardeino para que logo da miña morte alguén puidese publicalo. Esta época que algúis din que é escura, eu trouxen algunha luz para a lingua que falaba desexando que logo ninos e ninas coma vós puidédeses aprendela e lela nas escolas, algo que eu non puíden facer. Agora, xa vos teño que deixar, debo proseguir o meu camiño contento porque axiña chegarán escritores máis modernos que seguindo o meu exemplo están a recuperar esta lingua da nosa terra”.



O BIERZO

Chegamos á miña maioría de idade; non foron millores os tempos que viñeron inmediatamente, como agora vos contarei, aínda que si que entramos nunha nova etapa e houbo cambios que, como non!, influirán poderosamente na miña personalidade. Puiden reivindicar para min, para esta terra, algo que se precisaba para progresar e era xusto, aínda que durou ben pouco. O que si que permaneceu no tempo e se alongará ata os nosos días é a discusión entre os meus habitantes sobre a miña identidade. Voulle pedir que nos fale desta etapa un dos mellores cantores do Bierzo daquel século, Antonio Fernández Morales:

“En 1808 chegaron da Francia os exércitos ben disciplinados de Napoleón. Querían ser os donos pola forza da península enteira e, por suposto, chegaron á nosa terra. Pero o que igual non esperaban é que as xentes do país se erguesen en armas contra eles, ao ver o Rei de España destronado e o seu exército desbordado. Fui o pobo quen coa súa vontade de librarse das tropas estranxeiras fixo a guerra contra os franceses, chamada, por iso, da Independencia. Furon tempos difíciles de fame e de morte, que logo trouxeron cambios.



San Nicolás o Real (VILAFRANCA DO BIERZO) foi se da Deputación Provincial da Provincia de Vilafranca

FUI PROVINCIA



Tras botar fóra aquel perigo, os nosos habitantes entenderon millor o que valía a súa terra. Nas Cortes madrileñas debatíase unha distribución racional dos territorios por provincias. Os nosos comerciantes e burgueses querían que os produtos da terra fosen mellor comercializados. Producir máis e mellor e sacar maiores beneficios sería bon para todos. Coa idea de organizar estas novas empresas solicitaron e lograron dos novos dirixentes políticos do Estado a creación da Provincia de Vilafranca, e esta vila como capital do Bierzo. Ata a provincia querían traer o tren que permitiría o desenvolvemento de industrias e potenciar a súa economía. Pero tanto os intereses dos poderosos como a discusión entre os bercianos sobre a nosa capital, fixeron que ao pouco tempo aquela ilusión posta enriba da mesa do goberno central fose abandonada nun caixón.”

O BERCIANISMO

Muitos furon os escritos elaborados polos políticos de Ponferrada e de Vilafranca neste século dezanove, muitos os artigos na prensa de León e de Madrid referidos a min. Lembro os do poeta romántico Enrique Gil y Carrasco, que escribía nas máis prestixiosas revistas e máis lidas sobre a miñas historias, a miña paisaxe e as novas empresas que os seus amigos comezaban a poñer en marcha eiquí no noso chao. Quería espertar nos lectores o seu interese por min, por este territorio do interior tan esquecido. Con el seguramente comezou o bercianismo literario que buscaba retratar esta terra coa forte personalidade que teño, mais tamén tu algo fixeche. Non é así Antonio Fernández Morales?

“Eu como escritor fixen o que puiden, pero en lugar de utilizar o castelán, animado por un curioso filólogo catalán e seguindo a fórmula de Sarmiento, escribín os meus *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, isto é, facendo uso da lingua galega do Bierzo. Con isto tentei destacar o máis poderoso factor da nosa identidade: a fala. Escollín ademais como temas dos meus poemas as tradicións e costumes do noso calendario nas vilas e nas aldeas: O entroido, os magostos, as feiras e romarías, os traballos como a sega ou a vendima, onde non faltaban o gaitero e os bailes. Cantei en verso a Cacabelos, Vilafranca e Ponferrada,



Antonio Fernández Morales. Caricatura de SIRO

DOS ESCRITORES

as paisaxes e a historia do Bierzo, e ata dos amores dunha voda e a caza dun oso nos montes da Somoza. Descriciois realistas da forma de ser e de sentir das xentes bercianas e das súas singularidades no meu século.”



Festa con gaitero. Cadro do berciano Primitivo Armesto

O teu libro certamente é un retrato fiel do que na miña terra se falaba e se facía. Moitas grazas, Antonio Fernández Morales, eu e todos os que viven e senten esta terra agradece-mos sinceramente a túa valiosa e impecable testemuña.

BIERZO

Nesta viaxe pola miña existencia falareivos agora de algo semellante aos amores polos que pasan na vida as persoas, que poden resultar asuntos mui complexos. Como se fosen dúas mozas casadeiras que queren casar co mesmo noivo, namoradas de min, que de mui vello me cortexan dúas grandes terras, unha chámase Galicia e a outra é Castela.

Nas primeiras décadas do século vinte, parecía posible por vez primeira para a historia do galego, un idioma que falaba toda a xente humilde, algo realmente histórico. Estaba a punto de saír do esquecemento de centos e centos de anos nos que vivira marxinado porque ía chegar a aprenderse nas escolas, como xa no seu tempo pedira Sarmiento. Iso acordaran agora en Galicia nunha votación democrática proposta por persoeiros como Castelao. Tamén puxeron nos papeis daquelas propostas do Estatuto que territorios como o Bierzo puidesen formar parte da súa autonomía, é dicir, algo así como vivir xuntos e en compañía, claro está, tendo en conta que era eu quen decidía. Pero lamentablemente non tiveron tempo nin para pensalo.

Aquel mesmo ano, meses despois, un militar tirano chamado Franco levantouse contra o goberno. Ao pouco aquilo converteuse nunha terrible guerra entre irmaos que durou tres




Escola durante o período da ditadura de Franco

COMARCA

anos. Coa axuda doutros nefastos gobernantes militares de Alemaña e Italia, Franco gañou a guerra e comezou a gobernar el só cambiando a democracia (gobierno elixido polo pobo) pola ditadura (o goberno dunha soa persoa). Perseguiu e incluso mataba a todo o que non obrase como el dicía. Por exemplo, prohibiu calquera idioma que non fose o castelán nos colexios. Por iso quedei outra vez sen poder ver estudar a fala da miña veciñanza na escola. A vida volveuse gris e triste, represión, mortes e censura que un poeta chamou “a longa noite de pedra”. Que sería de nós sen os poetas! En Vilafranca tamén houbo un poeta que escribiu varias obras en galego durante a ditadura. Era Ramón González-Alegre, que a un dos seus libros cargado de saudade, púxolle o curioso título de *Os Namoros*, aínda que comprenderedes non era aquel tempo escuro o ideal para andar a namorarse.

Cuando o Ditador morreu, logramos volver á Democracia e as cousas comezaron a cambiar, algunhas noticias chegaron máis axiña. A primeira alegría que tiveron foi que me reclamou para ela sen tardanza unha nova autonomía chamada Castela e León e, para que non tivese dúbidas e dada a miña personalidade, ofreceume ser a única comarca recoñecida no seu seo: A Comarca do Bierzo. Pero houbo outras cousas que desfixera o Ditador que tardarían en normalizarse e aínda outras pendentes de millora.



O GALEGO NAS

Como ben sabedes, eu, O Bierzo, son unha terra que ama as tradicións porque son parte da miña cultura, da miña forma de ser e, se hai unha tradición ben antiga que me acompañou sempre, esa é a fala galega. Pois tras da ditadura muitos pobos e aldeas das miñas montañas empezaron a quedar sen xente. Uns marcharon a traballar lonxe a outras terras, outros furon buscar a vida ás cidades e logo, como vos dixen, nas escolas seguíase falando só castelán, nada se oía noutras linguas, na radio e na televisión tampouco se escuitaba outro idioma. Por todo iso o galego comezouse a perder entre a xente nova, que só o falaba cos seus avoíños ou cos seus padres na casa.

Entón, mestres e asociacións amigas da lingua galega, reclamaron formalmente ás autoridades que se permitise a súa entrada nas escolas e institutos. Os gobernos de Galicia e de Castela e León, despois de reunirse, acordaron no ano 2002 introducir o Programa de Promoción do Galego en colexios e institutos do Bierzo. E que pasou? Que en poucos anos as familias que querían que os seus fillos estudasen galego comezaron a aumentar e, a día de hoxe, hai máis de mil familias cada curso que en 17 centros de todo o Bierzo que apostan por manter esta riqueza cultural que temos. Seguro que vai seguir medrando o número, porque aínda hai centros que non se apuntaron e esperamos que non tarden en facelo. Ata se sumou en 2007 unha escola da veciña comarca da Seabra/Sanabria, en Zamora.



ESCOLAS DO BIERZO

Ademais dunha alegría tremenda quero dicirvos que poder educarse en galego non só significa coñecer millor como é a personalidade da nosa terra, senón tamén exercer un dereito como cidadáns dun territorio lingüístico. É unha conquista democrática que implica un proceso de normalización ao que colaboran institucións como a Real Academia Galega que no 2004 honrou a Sarmiento reunindo ao seu plenario con motivo da celebración das Letras Galegas por primeira vez no Bierzo ou as autoridades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, da Conserjería de Educación da Junta de Castilla y León e mesmo as da Comunidade Europea que cuidan tamén da saúde do galego con leis que asinou o goberno español no ano 2000. Tamén o Consello Comarcal e varios concellos bercianos celebran anualmente eventos como as Xornadas Sarmiento, o Día do Galego no Bierzo ou os Premios Morales para que non se perda esta parte esencial da nosa identidade, estudando iniciativas noutros espazos ademais das escolas para que siga falándose o galego nas casas e nas rúas e vaia tendo maior presenza na radios, na TV, na internet ou en distintas actividades culturais.



Celebración do Día do Galego no Bierzo nas *Xornadas Sarmiento*

OS SOÑOS DE FUTURO

Ceguei ao final desta viaxe do que eu teño vivido. Queríame despedir contándovos algún dos meus soños de futuro botando mao de dous dos meus poetas. O primeiro, Antonio Fernández Morales, que xa antes saudamos. Dicindo que son como un tesouro e que me prestará os seus versos para responder a cuestión tan discutida de que con que me quero casar:




Amancio Prada, o cantor berciano que musicou a poesía de Rosalía de Castro

NA BOCA DOS POETAS

Xa sei que as palabras do escritor non deixan o tema resolto, meus amigos e amigas, pero é que esta decisión do casamento dunha terra non depende de min, é cousa dos meus habitantes. Logo, sodes vós os que tedes a última palabra neste asunto tan complexo.

Tamén depende de vós o futuro do galego. Nestas páxinas tentei despexar todas as dúbidas e explicarvos como ten tanto que ver coa miña personalidade. Falar galego fainos distintos ao resto de Castela e León, enriquecéonos. Tamén nos distingue de Galicia o feito de pertencer hoxe á Comunidade de Castela e León. Fagamos caso do que di o poeta vilafranquino Juan Carlos Mestre, que sendo un escritor en castelán recoñecido en toda España, acaba de agasallarme en 2019, a min e tamén a vós, cun libro en galego do que Mestre di: “Eu nacín nunha vila entre dous ríos, na mesma que nacera o riseiro de Sarmiento, coma el escuítai a lingua galega na miña casa e no forno do meu padre. Había cousas que quería escribir e que só podían ser ditas en galego, a voz da terra e as palabras que oíche de nino, e non puidesche aprender na escola volven ocupar o seu lugar natural. Escribín este libro contra o esquecemento, palabras da patria da memoria e o compromiso coa lingua das xentes humildes. Non se entende o futuro do Bierzo sen a lingua. Hoxe ser cultos implica falar tamén galego”.



Capa da libro de Juan Carlos Mestre, na que se ve o propio autor nunha fotografía da época na que non se podía falar galego nas escolas

AGRADECEMOS

á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia a súa colaboración para facer posible a edición e damos as grazas ás distintas institucións: Consello Comalcal do Bierzo, a Real Academia Galega, aos concellos de Cacabelos, Corullón e Vilafranca do Bierzo, así como ás entidades culturais Grupo As Médulas para a Lingua e Cultura galegas do Bierzo e Instituto de Estudos Bercianos que apoian esta actividade e veñen contribuindo, ano tras ano, á consolidación das Xornadas Martín Sarmiento. Un agradecemento especial a Edicións Positivas pola súa predisposición a facer realidade esta iniciativa.

Índice

| | |
|--|----|
| Limiar | 3 |
| A orixe do meu nome: Bergidum | 4 |
| A lingua da nosa terra | 6 |
| Un camiño aberto ao mundo por andar | 8 |
| Unha terra rica e uns señores explotadores | 10 |
| A terra e a lingua na época de Sarmiento | 12 |
| O Bierzo foi provincia | 14 |
| O bercianismo dos escritores | 16 |
| Bierzo comarca | 18 |
| O galego nas escolas do Bierzo | 20 |
| Oa soños de futuro na boca dos poetas | 22 |

9 DE MARZO DÍA DO GALEGO NO BIERZO

ORGANIZA



*Comisión
Cultural
Martín
Sarmiento
Vilafranca do Bierzo*

APOIAN



Vilafranca del Bierzo



CACABELOS



CORULLÓN

